Escrito por
Mércores, 28 Xullo 2010 19:52




O noso compañeiro **Antonio Valverde Alonso** (IEM) achegounos unha xoia do director musical **Germán Lago Durán**, fillo adoptivo do Val de Miñor. Trátase dun conxunto de gravacións da **Orquesta Ibérica de Madrid**: "*un conjunto español de guitarras y laúdes único en el mundo*", tal cal reza na portada do álbum. A mesma encóntrase xa a disposición dos socios do IEM na audioteca. A obra contén vinte e dous pezas adaptadas polo devandito director. Adxuntamos o artigo para descargar o artigo "*Un músico miñorán: Germán Lago Duran*", de Antonio Valverde Alonso, publicado no último número da *Revista de Estudos Miñoranos*. A se mesmo picando aquí, pódese ver un álbum de imaxes do artista, achegado por Valverde.